



Premio ao mellor artigo de opinión económica “Colexio de Economistas da Coruña” 2006.

BASES

Primeira. Convocatoria

O Ilustre Colexio Oficial de Economistas da Coruña convoca o Premio ao mellor artigo de opinión económica “Colexio de Economistas da Coruña”, ano 2006.

Segunda.- Obxecto

Premiar os traballos de opinión desenvolvidos polos economistas en relación coa economía ou o seu ámbito profesional.

Terceira.- Participantes

Poderán concorrer a esta convocatoria todos os economistas membros do Ilustre Colexio Oficial de Economistas da Coruña.

Cuarta.- Traballos

Os participantes deberán presentar un artigo, de interese xeral, relacionado co ámbito da economía ou calquera dos aspectos relacionados co exercicio da profesión.

Os traballos presentaranse ou remitiranse á sede do Colexio de Economistas con enderezo na rúa Caballeros, 29-1º, 15009 A Coruña, debendo reunir os seguintes requisitos:

- Estarán redactados en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Escritos a dobre espazo, por unha soa cara e en follas de tamaño normalizado DIN A4, cunha extensión máxima de 7.000 caracteres. Presentaranse así mesmo en soporte magnético, en formato word ou pdf.
- Os artigos poderán ser inéditos ou publicados en algún medio de comunicación. Esta última circunstancia será primada polo xurado na súa avaliación.
- Os orixinais presentados a concurso remitiranse en prazo á sede coruñesa do Colexio. Amais do orixinal en papel e en soporte magnético, no caso de artigos xa publicados aportarase fotocopia da páxina do periódico.
- Os datos persoais do autor ou autores que se esixen son: Nome e apelidos, número de colexiado, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e copia do DNI.

Os participantes responden da autoría dos traballos.



Quinta. Dotación

A dotación do premio é de 2.500 euros, dividida en dúas categorías:

- Primeiro premio, dotado con 1.500 euros
- Accésit, dotado con 1.000 euros

Xunto coa dotación económica, farase entrega dun Diploma Acreditativo. No suposto de que o xurado, ao abeiro do establecido na Base sétima desta convocatoria, declarase deserto o premio en algunha das súas categorías, a súa dotación económica poderá acumularse á da vindeira edición.

Sexta. Prazo

O prazo de presentación de orixinais conclúe o día 30 de setembro de 2006 ás 12.00 horas. (PRORROGADO ATA O 31 DE OUTUBRO).

Sétima. Xurado e Fallo

O xurado, a quen corresponderá o fallo do premio, estará composto pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Economistas da Coruña.

As decisións tomaranse pola maioría simple dos votos, decidindo en caso de igualdade, o voto de calidade do Decano-Presidente.

O premio fallarase no último trimestre de 2006 e a súa entrega terá lugar nun acto ao que se dará a oportuna difusión nos medios de comunicación social de ámbito galego.

O Xurado está facultado para declarar deserta a convocatoria, en cada categoría se, ao seu xuízo, os traballos presentados non reuniran os méritos suficientes ou non se axustasen ás Bases establecidas.

Oitava. Dereitos de publicación

O Ilustre Colexio de Economistas da Coruña resérvase os dereitos de publicación, divulgación e difusión dos traballos presentados tanto premiados ou non.

Novena. Aceptación das bases

A participación neste Premio supón a plena aceptación das bases. A interpretación das mesmas corresponde, en todo caso, ao Xurado.